

Taxa por expedición de documentos: Taxa expedición documentos

<u>Concepto</u>	<u>ano 2008</u>
Arquivo.—búsqueda e cotexo documentos por cada día.	12,8
Certificacións.—Certific.expedidas a instancia de parte cuia data esté dentro dos 5 últimos anos	2,56
Certific.expedidas a instancia de parte cuia data sexa anteior ós 5 últimos anos	6,4
Por cada folio que deba engadirse as certificacións anteriores.	0,12
Informes ou cert.Alcaldía.—De calqueira clase expedidos a instancia de parte.	1,92
Permisos, licencia e autorizacións.—A fotografos ambulantes, cada permiso	4,81
Outros permisos concedidos admón	0,96
5.—Instancias.—As que se dirixan a Admón.municipal, de calqueira indole que sexan.	0,48
Recibos ou copias dos mesmos.	0
7.—Contratación municipal.—Proposicións para tomar parte en subastas, concursos, etc.	6,4
Os que versen sobre materia non valuable	6,4
Contratos suministro auga	0,64
Contratos execución de obras	32
Expdtes.dev.fianza 2%o adx.obra ou ser	
8.—Outros conceptos.—Altas, baixas, alterac.,e rect.errores P.Hab .	0,16
por cada certific.xunta pericial	0,96
Expdtes.contradict.ruina, ate 100 m ² de superficie.	96,01
Por cada m ² que exceda dos 100.	0,96
Bastanteo de poderes	6,4
Fotocopias por páxina	0,12
Fotocopias por páxina anverso e reverso	0,2

Taxa rexistro de cans e animais perigosos

<u>Concepto</u>	<u>ano 2008</u>
Expedición de Licencias	16,47
Renovación de licencias	8,24
Inscripción no rexistro municipal de animais perigoso	16,47
Modificación no rexistro municipal A.p.	8,24
Cancelación no rexistro municipal A.p.	8,24
Inscripción no rexistro municipal de todo tipo de cans	3,3
Modificación no rexistro municipal de todo tipo de cans	1,64
Cancelación no rexistro municipal de todo tipo de cans	1,64

Taxa utilización do escudo municipal

<u>Concepto</u>	<u>ano 2008</u>
Taxa utilización escudo municp/ano	6,4

Taxa de mercados municipais

<u>Concepto</u>	<u>ano 2008</u>
1.—Carnicerías, chacineries e ultramarinos situados na planta baixa do 1 ó 24 mes	39,94
2.—Postos venda peixes planta baixas do 1 ó 71	33,02
3.—Locais situados na planta superior, venda de froitas, verduras, frores, etc. 1 ó 36	19,96
4.—Colleiteiro, vendedor ocasional seus producots por m ² e día .	0,83
5.—Vendedor, interrrmediario productos alleos, m ² e día	1,65
6.—Será sancionado con esta cifra aquel vendedor que venda en calquera outro sitio non asignado	41,53

Taxa de extinción de incendios, salvamento, etc.

<u>Concepto</u>	<u>ano 2008</u>
1.—Saídas da Base de vehículos incluído 1ª hora de traballo nos apartados A, B, C, e 1/2 no D.	
a) Da base Serv.Munic.Emerx., camión emerxencia 1ª saída (nº1)	67,37
b) Idem., camión alxibe pequeno (nº 2)	57,6
c) Idem., vehículo lixeiro (nº 3)	19,84
d) Da base en postos Serv.Municip.Em.	32

2.—Traballo por cada unidade temporal ou fracción:	
a) Por cada hora ou fracción vehículo nº 1	44,81
b) Idem, vehículo nº 2	38,4
c) Idem, vehículo nº 3	19,84
d) Idem, por cada 1/2 h.ou fracción.	32
3.—Por cada hora ou fracción de traballo de cada:	
a) Bombeiro	16,01
b) Cabo	19,2
c) Xefe do servico	32
4.—Pola utilización de cada equipo resp.	18,75
5.—Por litro de espumóxeno	5,76
6.—Pola utilización de cada extintor	38,4
7.—Por cada hora ou fracción do Xerador eléctrico	37,13
8.—Por cada hora ou fracción do Xerador de espuma de Alta Expansión:	18,56
9.—Nas saídas fora do municipio, por Km	0,64
10.—Tarifa mínima dereitos a liquidar por prestación do servico. .	54,41
11.—Equipo de escarcelación hora ou fracción.	56,97
12.—Apertura de portas a domicilio	41,08

Taxa por retirada de vehículos

<u>Concepto</u>	<u>ano 2008</u>
Ciclomotores	23,43
Motocicletas, triciclos, motocarros e análogos	35,14
Turismo.	58,58
Furgonetas e análogos PMA 1,500 Kg.	70,29
Idem. 1501 a 3500 Kg.	97,68
Camións e outros vehículos de 3501 a 6000 kg.	151,95

Prezos públicos: Precio público axuda domiciliaria

<u>Concepto</u>	<u>ano 2008</u>
Prezo por hora de prestación de Axuda no Fogar,	6,19

Novas ordenanzas:

* Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, subsolo ou vo constituídas nas vías públicas municipais por empresas explotadoras dos servizos de telecomunicacións ou de suministros, a excepción da telefonía móbil.

Artigo 1. Disposición xeral

Ao amparo do disposto nos artigos 20 a 27 e 57 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei de fazendas locais, establécese a taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, subsolo ou vo constituído nas vías públicas municipais por empresas explotadoras de servizos de telecomunicacións ou de suministros, a excepción da telefonía móbil.

Artigo 2. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da taxa o disfrute da utilización privativa ou os aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou vo das vías públicas municipais a favor de empresas ou entidades que exploten ou utilicen o dominio público para prestar os servizos de suministro que resulten de interés xeral ou afecten á xeralidade ou a unha parte importante da veciñanza.

2. O aproveitamento especial do dominio público producirase sempre que para a prestación do servizo de suministro sexa necesario utilizar unha rede que materialmente ocupa o subsolo, vo ou solo das vías públicas municipais, independentemente de quen sexa o titular da rede. En particular, inclúense os de suministro de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros análogos, excepto os da telefonía móbil.

3. A dita taxa é compatible con outras que poidan establecerse pola prestación de servizos ou a realización de actividades de competencia local, das que as mencionadas empresas explotadoras deban ser suxeitos pasivos conforme ao artigo 23 do Texto refundido da lei de facendas locais.

Artigo 3. Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos as empresas ou entidades explotadoras de servizos de suministro que resulten de interés xeral ou afecten a xeralidade ou a unha parte importante da veciñanza tales como as de abastecemento de auga, suministro de gas, electricidade, telecomunicacións e outras análogas, exceptuando a telefonía móbil. Tamén as empresas que explotan a rede de comunicación mediante sistemas de fibra óptica, televisión por cable ou calquera outra técnica, independentemente do seu carácter público ou privado.

A estes efectos inclúense entre as empresas explotadoras dos ditos servizos as empresas distribuidoras e comercializadoras dos mesmos, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das que se efectúen os suministros, coma se non sendo titulares das ditas redes, o son de dereito de uso, acceso ou interconexión ás mesmas.

Asimismo, quedan obrigadas ao pagamento as empresas, entidades ou administración que presten servizos ou exploten unha rede de comunicación no mercado, dacordo co previsto no artigo 8.4 da Lei 8/2003, do 3 de novembro, Xeral de telecomunicacións.

As empresas titulares de redes físicas, ás que non lles sexa aplicable o aquí previsto, están suxeitos á taxa por ocupación do subsolo, solo ou vo da vía pública regulada na ordenanza fiscal que corresponda.

Artigo 4. Responsables

Responderán solidaria ou subsidiariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 41 e seguintes da Lei xeral tributaria.

Artigo 5. Exencións, reducións e bonificacións

Non se concederán máis exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas leis ou as derivadas da aplicación de Tratados internacionais.

Artigo 6. Base imponible

1. Cando o suxeito sexa titular da rede que ocupa o solo, subsolo ou vo das vías públicas mediante a cal se produza o disfrute do aproveitamento especial do dominio público local, a base imponible está constituída pola cifra de ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan os suxeitos pasivos anualmente no termo municipal.

2. Aos ditos efectos, teñen a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, foran obtidos pola mesma como contraprestación polos servizos prestados neste termo municipal.

Non se incluírán entre os ingresos brutos, a estes efectos, os impostos indirectos que graven os servizos prestados nin as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que constitúan un ingreso propio da entidade que é suxeito pasivo da taxa.

3. As empresas que utilicen redes alleas para efectuar os suministros deducirán dos seus ingresos brutos de facturación as cantidades satisfeitas a outras empresas en concepto de acceso ou interconexión ás redes das mesmas. As empresas titulares destas redes deberán computar as cantidades recibidas por este concepto entre os seus ingresos brutos de facturación.

Artigo 7. Cota tributaria

1. A cota tributaria será a cantidade resultante de aplicar á contía dos ingresos brutos procedentes da facturación, que se obteñan no termo municipal, sinalado no artigo anterior, o tipo de gravame do 1,5 %, en todo caso e sen excepción ningunha.

2. As cotas correspondentes a esta taxa que correspondan a Telefónica de España SA consideraranse englobadas na compensación en metálico de periodicidade anual a que se refire o artigo 4.1 da Lei 15/1987, do 30 de xullo.

3. A compensación á que se refire o apartado anterior non será en ningún caso de aplicación ás cotas devengadas polas empresas participadas por Telefónica de España, SA, aínda que o estén integramente, que presten servizos de telecomunicacións e que se atopan obrigadas ao pago conforme establece o artigo 3.1 da presente ordenanza.

Artigo 8. Devengo e período impositivo

1. A taxa devéngase:

- a) Cando se trate de concesións ou autorizacións de novos aproveitamentos, no momento de solicitar a licenza correspondente.
- b) Cando se trate de concesións ou autorizacións de aproveitamentos xa autorizados, o primeiro día de cada período natural que corresponda.

c) Naqueles supostos nos que o aproveitamento especial a que fai referencia esta ordenanza fiscal non requira licenza ou autorización, dende o momento en que o aproveitamento especial comezara. A estes efectos, enténdese que comezou o aproveitamento no momento en que se iniciou a prestación do servizo aos cidadáns que o demanden.

2. Cando os aproveitamentos especiais do solo, subsolo ou vo das vías públicas se prolonguen en distintos exercicios, o devengo da taxa terá lugar o 1 de Janeiro de cada ano e o periodo impositivo comprenderá o ano natural.

3. Nos supostos de inicio ou cese na utilización privativa ou no aproveitamento especial, as cotas prorratearanse por trimestres naturais.

4. Cando o día do inicio da utilización privativa ou do aproveitamento especial non coincida co ano natural, as cotas calcularanse proporcionalmente ao número de trimestres que resten para finalizar o ano, incluído o de inicio da utilización ou aproveitamento.

5. No caso de cese na utilización privativa ou no aproveitamento especial, as cotas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza o cese na utilización ou no aproveitamento.

6. Cando por causas non imputables ao obrigado ao pago, a utilización ou aproveitamento do dominio público non se desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente aos trimestres naturais nos que a dita utilización ou aproveitamento non se desenvolva.

Artigo 9. Xestión da taxa: Ingresos a conta

1. Establécese o sistema de autoliquidación para o ingreso das cotas que correspondan.

2. O ingreso da cota realizarase mediante catro autoliquidacións trimestrais a conta da autoliquidación definitiva que se practique.

3. O importe de cada autoliquidación trimestral equivaldrá á cantidade resultante de aplicar a porcentaxe do 1,5 % xa indicada, ao 25 % dos ingresos brutos de explotación devengados pola empresa explotadora do servizo no ano natural anterior.

4. As autoliquidacións presentarase e ingresaranse no mes seguinte a cada trimestre natural polos obrigados ao pago, xunto coa certificación dos feitos concretos expedida polos auditores da empresa na cal se reflectan os ingresos brutos do exercicio sometido a tributación e copia autorizada do balance e memoria do exercicio, así como calquera outro dato que para comprobar a exactitude dos ingresos brutos, lles sexa reclamado pola Administración municipal.

Artigo 10. Xestión da taxa: Autoliquidación definitiva

1. A autoliquidación definitiva presentarase polos obrigados ao pago antes do 30 de xullo seguinte ao ano natural ao que se refira, xunto coa certificación dos feitos concretos expedida polos auditores da empresa na cal se reflecten os ingresos brutos do exercicio sometido a tributación e copia autorizada do balance e memoria do exercicio. O importe da mesma determinarase mediante a aplicación da porcentaxe prevista do 1,5 % á contía total dos ingresos brutos de explotación devengados polo suxeito pasivo durante o dito ano natural no termo municipal de Cangas, ingresándose a diferenza entre o dito importe e o dos pagos a conta do mesmo anteriormente efectuados. No suposto de que existise saldo negativo, o exceso satisfeito ao concello compensarase na primeira ou sucesivas autoliquidacións que presenten as empresas explotadoras de servizos.

2. Se durante o ano natural a empresa explotadora ou prestadora do servizo cedese a outra a dita explotación ou prestación dos servizos obxecto da exacción, a autoliquidación definitiva será presentada por cada unha das empresas polos trimestres durante os cales se desenvolva o dereito á utilización privativa ou ao aproveitamento especial.

Artigo 11

Todas as autoliquidacións presentarase ante o concello e os ingresos efectuarase na Tesouraría municipal ou nas entidades financeiras autorizadas nos prazos establecidos.

Artigo 12. Convenios de colaboración

Poderán establecerse convenios de colaboración coas empresas, institucións e organizacións representativas dos obrigados ao pago, coa fin de simplificar o cumprimento das obrigas formais e materiais derivadas daquelas, ou os procedementos de liquidación ou recadación.

Asimismo, e potestativamente, os suxeitos pasivos poderán optar por seguir este mesmo réxime pero con periodicidade mensual.

Artigo 13

Se a empresa explotadora ou prestadora do servizo persistise nunha actitude negativa de entrega dos datos e documentos aquí indicados, a Administración municipal queda facultada para, sen máis trámites, liquidar e cobrar a exacción tomando como base os datos que poida procurase por outros medios, e incluso para fixar por estimación indirecta as cifras omitidas.

Artigo 14. Infraccións e sancións

En todo o relativo a cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei xeral tributaria.

Disposición final

Esta ordenanza fiscal foi definitivamente aprobada polo Pleno do concello, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2008 e terá vixencia mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

Disposición derogatoria

Coa tramitación do expediente de aprobación desta ordenanza queda derogada expresamente a ordenanza fiscal reguladora da taxa por tendidos, tuberías e galerías para as conduccións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluido incluídos os postes para liñas, cables, palomillas, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, transformadores, raís, básculas, aparatos para a venda automática e outros análogos que se establezan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal ou voen sobre os mesmos, vixente para todos os feitos impositivos devengados ata o 31/12/2007.

Cangas, 18 de decembro de 2007.—A Alcaldesa, Clara Millán González. **2007012217**

* * *

CRECENTE**A N U N C I O**

Publicado edito no Boletín Oficial da Provincia número 215 de data 7 de novembro de 2007, durante o prazo de trinta días hábiles e non téndose presentado reclamacións de conformidade co acordo plenario de data 27 de setembro de 2007, queda definitivamente aprobada a modificación da ordenanza "Taxa polo servizo da rede de sumidoiros", cuio texto íntegro se publica de seguido:

TAXA POLO SERVIZO DA REDE DE SUMIDOIROS**A N E X O**

1º.—A tarifa que se aplicará para a exacción desta taxa será a seguinte:

CONCEPTOS:

A) Pola prestación do servizo da rede de sumidoiros, cota anual:

—Vivendas e locais comerciais: 10 euros

—Industrias: 24 euros

B) Altas de conexión: 150 euros.

2º.—A presente modificación da ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación de data 27 de setembro de 2007.

En Crecente, a 17 de decembro de 2007.—O Alcalde, Julio C. García-Luengo Pérez.

A N U N C I O

Publicado edito no Boletín Oficial da Provincia número 215 de data 7 de novembro de 2007, durante o prazo de trinta días hábiles e non téndose presentado reclamacións de conformidade co acordo plenario de data 27 de setembro de 2007, queda definitivamente aprobada a modificación da ordenanza fiscal reguladora da "Ordenanza reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica", cuio texto íntegro se publica de seguido:

ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHICULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.**ARTICULO 1.—NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE.**

1.—O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica é un tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calesqueira que sexan a súa clase e categoría.

2.—Considerase vehículo apto para a circulación o que houbera sido matriculado nos rexistros públicos correspondentes mentres non haxa causado baixa nos mesmos. Aos efectos deste imposto tamén consideraranse aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

3.—Non están suxeitos a este imposto:

a) Os vehículos que habendo sido dados de baixa nos rexistros por antigüidade do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibición, certames ou carreiras limitadas aos desta natureza.

b) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica dos que a súa carga útil no seu superior a 750 quilogramos.

ARTICULO 2.—EXENCIÓNS.

1.—Estarán exentos do imposto:

a) Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e entidades locais adscritos á defensa nacional ou a seguridade cidadana.

b) Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grado.

Asemade, os vehículos dos organismos internacionais con sede ou oficina en España e dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.

c) Os vehículos respecto dos cales así se derive do disposto en tratados ou convenios internacionais.

d) As ambulancias e demais vehículos directamente destinados a asistencia sanitaria ou o traslado de feridos ou enfermos.

e) Os vehículos para persoas de mobilidade reducida a que se refire a letra A do anexo II do "Regulamento Xeral de Vehículos", aprobado por Real Decreto 2822/1998, de 23 de decembro.

Asemade, están exentos os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicárase en tanto se manteñan ditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como os destinados ao seu transporte.

As exencións previstas nos dous párrafos anteriores non resultarán aplicables ós suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por máis dun vehículo simultaneamente.

A efectos do disposto neste párrafo, consideraranse persoas con minusvalía quenes teñan esta condición legal en grado igual ou superior ao 33%.

f) Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ao servizo de transporte público urbano, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a do conductor.

g) Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos de Cartilla de Inspección Agrícola.

2.—Para poder aplicar as exencións a que se refiren os párrafos e) e g) do apartado 1 de este artículo, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a causa do beneficio. Declarada a exención pola Administración municipal, expedirase un documento que acredite a súa concesión.